



## **Instrucións sobre o Plan de Adaptación do alumnado con Titulación en Conservación e Restauración (equivalente a diplomatura), para cursar o actual Título Superior en Conservación e Restauración de Bens Culturais (equivalente a grao)**

### **CURSO 2022/2023**

A publicación do *Real Decreto 21/2015, de 23 de xaneiro, que modifica o Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzaas artísticas superiores reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación* (BOE do 7 de febreiro), supuxo a extinción do antigo plan de estudos, regulado polo *Real Decreto 1387/1991, de 18 de setembro*.

Hai que ter en conta tamén o *Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia ós niveis do marco español de cualificacións para a educación superior do título oficial de Diplomado*.

En calquera caso, tendo en conta todo o anterior e segundo o que se establece na lexislación sobre o proceso de adaptación curricular para aquel alumnado que desexe obter a nova titulación<sup>1</sup>, a ESCRBCG ofrece nestas instrucións o procedemento de incorporación a este estudos.

### **OBRIGATORIEDADE DE ASISTENCIA E SISTEMA DE AVALIACIÓN**

En caso de que o alumnado desexe finalmente formalizar a súa matrícula nesta modalidade de adaptación dende a diplomatura, deberá ter en conta que non existe ningunha diferenza relevante con respecto ó resto do alumnado matriculado na ESCRBCG. As únicas consideracións especiais son aquelas referidas ó recoñecemento de créditos da antiga diplomatura e ás peculiaridades da matrícula, que obrigan a cursar a un tempo asignaturas de dous cursos diferentes. Polo demais, o alumnado deberá cumprir exactamente as mesmas esixencias que o resto do alumnado. En concreto, para desfacer posibles equívocos queremos destacar neste intre a obrigatoriedade da asistencia presencial para todo o alumnado da ESCRBCG. A falta prolongada de presencialidade dará lugar á perda da avaliación continua e iso significa que o alumnado só terá dereito a un procedemento de avaliación final, sexa na convocatoria ordinaria ou na extraordinaria. Dito isto, é certo que a formulación final da avaliación depende de cada materia, pode ser diferente en cada caso e pode variar moito entre as asignaturas teóricas e as prácticas. O procedemento de avaliación está consignado en tódalas guías docentes. En caso de dúbidas sobre o tema da presencialidade e do sistema de avaliación, as preguntas deben ser dirixidas ó propio profesorado, en primeira instancia, e, en caso de que as dúbidas persistan, pode dirixirse a consulta á xefatura de estudos, como é habitual.

<sup>1</sup> O Real Decreto 21/2015, que modifica o Real Decreto 1614/2009, afirma no seu apartado 10 o seguinte: “*quienes, estando en posesión de títulos de enseñanzas artísticas superiores oficiales de anteriores ordenaciones, pretendan obtener uno de los Títulos Superiores de Enseñanzas Artísticas mencionados en este real decreto, obtendrán el reconocimiento de créditos que proceda, a efectos de cursar los créditos restantes necesarios para la obtención del correspondiente Título Superior*”. Véxase tamén a disposición adicional cuarta do Real Decreto 635/2010.



## INSTRUCCIÓN

As persoas que estean en posesión do título equivalente a diplomatura en Conservación e Restauración de Bens Culturais<sup>2</sup> e desexen acadar a nova titulación equivalente a grao poderanse incorporar no 3º e 4º curso da especialidade correspondente, segundo se establece na *Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais*.

Os aspirantes deberán formalizar a solicitude de admisión, indicando se queren cursar a mesma especialidade que posúen ou un cambio de especialidade. Será necesario presentar a seguinte documentación na administración da ESCRBC de Galicia.

- Impreso de solicitude de admisión
- Copia do DNI ou NIE
- Certificación académica dos estudos cursados (só no caso de non ter cursado os estudos na ESCRBC de Galicia), debe constar a norma que establece o plan de estudos correspondente e as cualificacións obtidas, en idioma castelán.
- Copia do título de Conservación e Restauración de Bens Culturais (só no caso de non ter cursado os estudos na ESCRBC de Galicia).

Nos casos de grande demanda, a escola publicará unha listaxe de solicitudes e o número de prazas vacantes. No caso de que haxa mais solicitudes que prazas elaborárase unha listaxe por cada especialidade ordenada segundo a nota media do expediente, indicando o alumnado admitido e o alumnado en lista de agarda.

O número de prazas dispoñibles para cada curso escolar e para cada especialidade será determinado pola dirección da escola, en atención ás matrículas ordinarias e ás vacantes de espazo en cada materia teórica e en cada materia práctica de 3º e 4º curso (especialmente, laboratorios e outras materias prácticas).

O recoñecemento “previo” ou “automático” de créditos terá en conta o disposto na disposición adicional cuarta do Real Decreto 635/2010. Isto implica que todo o alumnado que teña o título equivalente a diplomado recibirá, para a mesma especialidade, un mínimo de 180 créditos recoñecidos e, no caso de cambio de especialidade, obterá o recoñecemento das materias de formación básica. Este recoñecemento será resolto pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.



Para o caso de alumnado titulado na ESCRBC de Galicia, segundo o que se establece no Anexo da Orde do 21 de novembro de 2016, as materias que deberá cursar son as seguintes:

No caso de realizar a mesma especialidade que se obtivo na antiga titulación	Curso	ECTS	
		1º cuad.	2º cuad.
Teoría e práctica das técnicas dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos I	3º	4	----
Teoría e práctica das técnicas dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos II	3º	----	4
Historia dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos I	3º	4	----
Historia dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos II	3º	----	4
Teoría e práctica das técnicas dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos III	4º	3	----
Historia dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos III	4º	4	----
Prácticas externas	4º	----	6
Traballo fin de estudos	4º	----	9
<b>Total</b>		<b>38 ECTS</b>	
No caso de realizar outra especialidade diferente	Curso	ECTS	
		1º cuad.	2º cuad.
Práctica da conservación activa dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos I	3º	11	----
Práctica da conservación activa dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos II	3º	----	11
Técnica da conservación activa dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos I	3º	3	----
Técnica da conservación activa dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos II	3º	----	3
Teoría e práctica das técnicas dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos I	3º	4	----
Teoría e práctica das técnicas dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos II	3º	----	4
Historia dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos I	3º	4	----
Historia dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos II	3º	----	4
Práctica da conservación activa dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos III	4º	9	----
Técnica da conservación activa dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos III	4º	3	----
Técnica e práctica da conservación activa e preventiva dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos	4º	----	8
Teoría e práctica das técnicas dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos III	4º	3	----
Historia dos bens arqueolóxicos / escultóricos / pictóricos III	4º	4	----
Prácticas externas	4º	----	6
Traballo fin de estudos	4º	----	9
<b>Total</b>		<b>86 ECTS</b>	

Unha aclaración importante é que no caso das materias que aparecen nomeadas I/II/III trátase de tres materias diferentes que deberán ser avaliadas e examinadas de maneira independente. Isto podería xerar dificultades para asistir ó mesmo tempo ás materias I e III, dado que, sendo de cursos diferentes, coinciden ambas no tempo, no primeiro cuadrimestre. O profesorado, en colaboración coa xefatura de estudos, tentará que este solapamento non impida o normal desenvolvemento do curso por parte do alumnado no referido tanto á avaliación continua como á avaliación ordinaria e extraordinaria.



Para o caso de alumnado procedente doutras Escolas de Conservación e Restauración, seguirase o proceso de recoñecemento de créditos habitual, semellante ó anterior aínda que con algúns cambios derivados das diverxencias nos plans de estudos.

O alumnado que obteña praza deberá formalizar a súa matrícula presentando os seguintes documentos:

- Solicitud de matrícula
- Impreso de taxas de matrícula e/ou documentación acreditativa da bonificación ou exención dos prezos públicos
- Solicitud de recoñecemento de créditos ECTS asociados as disciplinas das ensinanzas superiores de Conservación e Restauración

A materia de Prácticas externas poderá ser recoñecida pola experiencia laboral ou profesional acreditada, para o cal deberase presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de recoñecemento de créditos
- Vida laboral
- Certificado de empresa que garanta as actividades desempeñadas ou contrato laboral
- Calquera outra documentación que poida ser tida en conta pola comisión de recoñecemento de créditos a este respecto.
- Impreso de taxas pagadas (6€)

O alumnado do plan de adaptación ten os mesmos dereitos que o resto do alumnado a efectos de recoñecemento de créditos por materias cursadas noutras titulacións. A solicitud destes recoñecementos adicionais será entregada no momento de formalización da matrícula. Aos efectos do recoñecemento de créditos ECTS, a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional nomeará unha comisión que, logo de valorar os expedientes, propondrá as resolucións individualizadas de cada solicitud, nos prazos habituais nos que se realiza o recoñecemento de créditos para todo o alumnado.

Para este recoñecemento deberase presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de recoñecemento de créditos
- Certificado de estudos da titulación
- Se é o caso, programas oficiais das materias superadas nos estudos.
- Impreso de taxas pagas (1€ por cada crédito que se solicite o seu recoñecemento)

Tódolos trámites (inscripción, publicación de listas, reclamacións e matrícula) deberán facerse na administración da ESCRBC de Galicia. O procedemento de información oficial e definitivo é a través da publicación física nos taboleiros de anuncios da escola. De todos modos, tentarase comunicar tamén toda a información relevante por correo electrónico.